

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIMIANZO

##### *Anuncio de aprobación da dedicación exclusiva da Alcaldía*

Faise público que o Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Que a alcaldesa-presidenta, D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordóñez, se adique en exclusiva a xornada completa ás tarefas municipais propias do seu cargo.

Percibirá unha retribución anual bruta de 44.000,04 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.142,86 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

SEGUNDO.–A presente adicación exclusiva xurdirá efectos dende aceptación da dita adicación exclusiva por parte da Alcaldía, data na que producirá efectos, cursando a correspondente alta na Seguridade Social e conta ao Pleno da Corporación.

TERCEIRO.–Quedan modificadas as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

Vimianzo, 29 de xullo de 2019.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2019/6538

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIMIANZO

##### *Anuncio de aprobación da dedicación exclusiva da segunda tenente de alcalde*

Faise público que o Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Que a segunda tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez, se adique de maneira exclusiva ás seguintes tarefas delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 769/2019, do 2 de xullo de 2019: áreas de Benestar Social, Igualdade, Ensino e Mocidade.

Percibirá unha retribución anual bruta de 27.300,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 1.950,00 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

SEGUNDO.–A presente adicación exclusiva xurdirá efectos dende a aceptación da dita adicación exclusiva por parte da concelleira, data na que producirá efectos, cursando a correspondente alta na Seguridade Social e conta ao Pleno da Corporación.

TERCEIRO.–Quedan modificadas as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derrogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

Vimianzo, 29 de xullo de 2019.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2019/6540

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VIMIANZO

##### *Anuncio do establecemento de asistencias a órganos Colexiados*

Faise público que o Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos Colexiados o establecido nas bases de execución orzamentaria aprobadas para cada exercicio económico (base núm. 50).

SEGUNDO.–Que os grupos políticos municipais perciban, en concepto de dotacións económicas, ao abeiro do artigo 73 da Lei de bases de réxime local e demais disposicións concordantes, as seguintes contías:

- Contía fixa por grupo: 300 euros/mes.
- Contía variable: 50 euros/mes por concelleiro.

O presente acordo queda condicionado á aprobación do correspondente modificado de crédito.

TERCEIRO.–Quedan modificadas as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

Vimianzo, 29 de xullo de 2019.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2019/6541